

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

O PINO

Licitación do contrato de servizos "Servizo de limpeza de edificios municipais"

Anuncio de licitación do contrato de servizos "Servizo de limpeza de edificios municipais"

1. Entidade adxudicadora.

- a) Organismo: Concello de O Pino.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.
- c) Obtención de documentación e información:
Dependencia: Secretaría do Concello de O Pino
Enderezo: Rúa do Concello, s/n
15821 O Pino (A Coruña)
Teléfono 981511002. Fax 981511123
Correo electrónico: correo@opino.gal
Perfil do contratante: www.concellodeopino.com

2. Obxecto do contrato.

- a) Descrición do obxecto: "Servizo de limpeza de edificios municipais".
- b) Lugar de execución: en distintos puntos do termo municipal.
- c) Duración do contrato: dous anos.
- d) Admisión de prórroga: non.
- e) CPV:
 - 90911200-8. Servizos de limpeza de edificios.
 - 90911300-9. Servizos de limpeza de ventanas.
 - 90919200-4. Servizos de limpeza de oficinas.
 - 90919300-4. Servizos de limpeza de escolas.

3. Tramitación e procedemento.

- a) Tramitación: ordinaria.
- b) Procedemento: aberto.
- c) Criterios de adxudicación do contrato: os criterios contidos na cláusula 15.^a do prego e coa ponderación que nel se sinala.

4. Valor estimado e orzamento de licitación.

Valor estimado: 130.083,60 €, IVE non engadido
Orzamento de licitación: 157.401,16 €, IVE engadido.

5. Garantías.

Provisional: non se esixe.
Definitiva: 5% do prezo de licitación, excluído o IVE.

6. Requisitos específicos do contratista.

Clasificación: non se esixe.

7. Presentación de ofertas e solicitudes de participación.

- a) Data límite de presentación: dentro do prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP da Coruña. Horario de Rexistro: de 9.00 ás 14.00 horas (luns a venres).
- b) Documentación que hai que presentar: a sinalada nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.
- c) Lugar de presentación: no Rexistro Xeral do Concello de O Pino ou en calquera outro dos lugares establecidos no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en cuxo caso deberá anunciar ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax ou telegrama no mesmo día.

8. Apertura de ofertas.

Publicarase no perfil do contratante o lugar, data e hora de apertura de ofertas.

O Pino, a 26 de abril de 2017.

O alcalde

Asdo.: Manuel Taboada Vigo

2017/3629